
A ÁRBORE DOS SOÑOS

Textos de FERNANDO ALONSO

Ilustracións de EMILIO URBERUAGA

Tradución de RAMÓN NICOLÁS

Encadernado en cartonné. 15 x 23,5 cm. 128 páx. 14 €.

A árbore dos sonhos (galego)

ISBN 978-84-8464-371-5. Sete Leguas.

El árbol de los sueños (castelán)

ISBN 978-84-8464-372-2. Siete Leguas.

-De mañá non pasa -exclamou Huvez-. Mañá comezarei a escribir o meu novo libro. El non lembraba xa por que asinara o seu primeiro libro co nome de Huvez. Quizais fora por timidez. Ou para erguer un muro entre a súa vida privada e os seus libros. Ou polo antollo de ter un nome elixido por el mesmo. Despois de publicar trinta e tres libros, pensaba que o nome de Huvez lle acaía de marabilla.. Despois de trinta e tres libros publicados, non conseguira superar o medo á folla en branco...


En plena crise de creatividade, incapaz de entregar un libro comprometido, unha sorprendente nova no xornal -a detención dun home por escribir sobre as árbores e os paxaros- esperta a solidariedade dun autor, que decide escribir cinco relatos protagonizados por árbores para esixirlle ao xuíz que o seu colega descoñecido sexa inmediatamente absolto. E así, como o zume das plantas, comezan a fluír as ideas e os personaxes: unha árbore namorado, a árbore do patio dunha escola, un semáforo e un bonsai que arelaban ser árbore, e unha árbore soñadora.

En realidade, cada árbore é un disfrace -máscaras, a modo de capítulos- que este autor utiliza para escribir sobre si mesmo: a lembranza do primeiro amor, os seus sentimentos, soños e ilusións, a busca da felicidade e a autoaceptación. Detrás deste libro de contos aparentemente independentes -pero interrelacionados a través dunha estrutura circular- subxace unha novela iniciática que Fernando Alonso invita a abordar, con espírito libre e creativo, como un xogo de creación/recreación.

“Semella que escribir se converteu nunha actividade perigosa”, afirma profeticamente o protagonista de “A árbore dos sonhos”, defensor da liberdade de expresión e enemigo da censura. A recuperación desta obra cheega nun momento necesario e oportuno: dende a calidade literaria, a elegancia e a precisión narrativa, a riqueza e a simboloxía das palabras, los acenos líricos, Fernando Alonso transmite unha mensaxe esperanzadora e dinos que os soños poden facerse realidade. As ilustracións de Emilio Urberuaga iluminan o texto con trazos de humor e expresividade.

www.Kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** liberdade, solidariedade, compromiso, ecoloxía.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** relatos protagonizados por Árbores; simboloxía, metaliteratura; do autor de “O homiño vestido de gris” e do ilustrador de “A árbore da escola” e “As catro estacións: Vivaldi” (Kalandraka).

Fernando Alonso

(Burgos, 1941)

Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade Complutense de Madrid, é escritor e xestor cultural. Traballou en radio e televisión; obtivo un Premio Ondas en 1977. Publicou o seu primeiro libro en 1971. Con máis dunha vintena de títulos, a súa obra está traducida a varios idiomas. Recibiu o Premio Lazarillo 1977, o Premio Mundial de Literatura José Martí 1997 e o Premio Especial La Rosa Blanca 1997. Figura na lista The White Ravens e ten mencións nas listas de honra da CCEI, do Premio Andersen, do Premio Europeo de Literatura Xuvenil e do Banco do Libro de Venezuela. Foi candidato ao Premio Internacional Astrid Lindgren en 2006, 2007, 2008 e 2009.

Emilio Urberuaga

(Madrid, 1954)

Galardoado en 2011 co Premio Nacional de Ilustración pola súa traxectoria artística, que comezou na década de 1980. Dende entón a súa obra está nas principais fundacións e museos do mundo. Creador da imaxe do célebre personaxe ‘Manolito Gafotas’, ilustrou preto dun cento de libros infantís publicados en varias editoriais, entre os que destaca “As catro estacións: Vivaldi” (KALANDRAKA). Recibiu tamén o VII Premio Anaya, o Premio Crítica Serra d’Or e foi incluído na lista The White Ravens.

